



## Acta da Asamblexa Xeral Extraordinaria

16 de abril de 2026

**Lugar:** Hotel Husa Santiago Apóstol

**Hora:** 21:00 h sesión extraordinaria

Orde do día,

- 1.- Lectura e aprobación se procede da acta da Asemblea anterior.
- 2.- Aprobación do Regulamento e Calendario electoral.
- 3.- Elección das persoas membros da Xunta Electoral e Comisión Xestora.
- 4.- Acordo, se procede da delegación na Presidencia da Federación Galega de Triatlón e Péntatlon Moderno da facultade de realizar e aprobar as modificacións ao Regulamento e Calendario Electoral que fosen requiridas pola Secretaría Xeral para o Deporte, sen sometelas a nova aprobación pola Asemblea Xeral.
- 5.- Rogos e preguntas

Asistentes:

Presidente-Javier Campos Peña

Secretaría Xeral- Mónica Flores Ferreiro

---

### ESTAMENTO DE CLUBS

AD Fogar da Xuventude- María Teresa Vila Bermúdez (Delegación)

Club Triatlón Ferrol –Silvia Alvarez Vieito (Delegación)

Club Triatlón Santiago- Paloma Herbelo Hermelo

Club Triatlón Rias Baixas- Enrique Hernández Moldes

### ESTAMENTO DEPORTISTAS

Pablo Cabanelas Eiras

### ESTAMENTO TÉCNICOS

Javier Campos Peña\*

### ESTAMENTO OFICIAIS/XUICES

Mónica Flores Ferreiro\*

Javier Ángel Vázquez Orejas

---

### ***Desenvolvemento da sesión e Acordos Adoptados***

Iniciase a sesión ás 21:00 h, en segunda convocatoria ao non haber quorum en primeira.

#### **1.-Lectura e aprobación da acta da Asemblea anterior**

Indícase que a acta xa foi enviada e polo tanto salvo que alguén desexe que se lea ou aclare algo procédese a votación.

Procédese á votación da acta

Votos a favor- 8

Votos en contra-0

Abstencións- 0



## 2.- Aprobación do Regulamento e Calendario electoral.

Procédese á revisión do borrador do regulamento electoral solicitando que se faga calquera alegación, corrección ou comentario por parte das persoas assembleístas, así como as propostas para a composición dos dous órganos necesarios. Despois de debater os problemas para atopar persoas para constituír os órganos necesarios unha vez sexan convocadas as eleccións e se disolva a actual Xunta Directiva e Asemblea, propónse a modificación do número de persoas para a Comisión Xestora reducíndoo a 4 membros máis a presidencia en lugar de 8.

Procédese á votación

Votos a favor- 8  
Votos en contra-0  
Abstencións- 0

## 3.- Elección das persoas membros da Xunta Electoral e Comisión Xestora.

### - Xunta Electoral

Titulares  
Presidente: Enrique Hernández Moldes  
Secretaria: Mónica Flores Ferreiro  
Vocal: Paloma Herbello Hermelo

Suplentes  
Pablo Cabanelas Eiras  
Ana Santiso Prado  
Angel Prado Alonso

### - Comisión Xestora

#### \* Titulares

Presidente: Javier Campos Peña  
Secretario: Patricio Farías Forneiro (Deportista- nomeado pola Asemblea)  
Tesoureira: Estefanía Nebril Breijo (nomeada pola Xunta Directiva)

Vocal: Club Natación Cedeira (Club nomeado pola Asemblea)  
Vocal: Cristóbal Rodríguez Fidalgo (nomeado pola Xunta Directiva)

#### Suplentes

Secretario: Adrián Vázquez Fernández ( nomeado pola Xunta Directiva)  
Tesoureira: María Teresa Vila Bermúdez (nomeada pola Xunta Directiva)  
Vocal: Club Triatlón Rias Baixas (nomeado pola Asemblea Xeral)  
Vocal: Marta Barbeito Domínguez (Nomeada pola Xunta Directiva)

Procédese á votación

Votos a favor- 8  
Votos en contra-0  
Abstencións- 0


**4.- Acordo da delegación na Presidencia da Federación Galega de Triatlón e Péntatlon Moderno da facultade de realizar e aprobar as modificacións ao Regulamento e Calendario Electoral que fosen requiridas pola Secretaría Xeral para o Deporte, sen sometelas a nova aprobación pola Asemblea Xeral.**

Autorízase e facúltase ao presidente e xunta directiva para a realización dos cambios solicitados pola Secretaría Xeral para o Deporte confirmación das persoas propostas para compoñer a Xunta Electoral e Comisión Xestora, así coma confirmar ou modificar os enderezos dos locais de votacións e calquera outro cambio necesario para o axuste do mesmo ao procedemento legal establecido.

Procédese á votación

Votos a favor- 8  
Votos en contra-0  
Abstencións- 0

Levántase a sesión ás 21:45 h. do 19 de abril de 2026



Asdo.- A Secretaria Xeral  
Mónica Flores Ferreiro

  
FEDERACIÓN GALEGA DE TRIATLÓN  
E PÉNTATLÓN MODERNO

Rúa Castelao 21, ent. 2  
27001 Lugo || 982 251 345

N.I.F.: V36703932

Asdo.- O presidente  
Javier Campos Peña

